



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
DÍA 30 DE MAIO DE 2018**

ASISTENTES:

Presidenta:

María Ramallo Vázquez

Concelleiros/as presentes:

Manuel Santos Costa

M^a Antonia Sanmartín García

M^a. Cristina Acuña González

Antonio Traba Miñones

Pablo Novas Caballero

Francisco J. Estévez Salazar

M^a José de Pazo Allariz

Secretaria:

Paula Costas Romero.

Na Casa do Concello de Marín, ás 14:10 horas do día **30 de maio de 2018**, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, María Ramallo Vázquez, reúnen os/as concelleiros/as sinalados/as á marxe, co obxecto de celebrar **SESIÓN ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local, previamente convocada.

2
e sen rectificacións.

2.- Urbanismo:

Expte.: 130/16 LU – CARMEN CIDRÁS GUIMERÁNS – Licenza de primeira ocupación de vivenda sita en Montecelo–Seixo nº 99, Loira, Marín.

Visto o expediente de referencia, e de conformidade cos informes, técnico e xurídico, do servizo municipal de Urbanismo, favorables ó outorgamento de licenza, a Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, **ACORDA:**

CONCEDER a DNA. CARMEN CIDRÁS GUIMERÁNS licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar illada de planta baixa sita en Montecelo, 99-Loira, Marín, con planta baixa adicada a cociña, salón-comedor, baño, aseo, 2 dormitorios, vestíbulo e patio cuberto con toldo, coas seguintes superficies:

- PLANTA BAIXA: SUP. ÚTIL: 84,96 m²
- SUPERFICIE CONSTRUÍDA TOTAL: 100,46 M²

Todo á vista da constancia no expediente de referencia de:

- Certificado final de obra asinado pola arquitecto técnico Dna. Alba Agnete Iglesias e polo arquitecto D. Ángel Alonso Méndez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14/03/18, segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve.
- Visita de comprobación xirada, en data de 11/04/18, pola técnico municipal competente e documentación complementaria presentada pola interesada en data de 10/05/2018 (documentación visada en data de 09/05/2018), logo da que é emitido informe en data 18/05/2018, en senso favorable á concesión da licenza de primeira ocupación da vivenda sita en Montecelo, 99, Loira-Marín, unha vez revisada a documentación achegada.

A presente licenza de primeira ocupación concédese, segundo o tenor literal e descrición do informe técnico antedito de 18/05/2018, da vivenda sita en Montecelo, 99-Loira, Marín.



En todo caso a concesión da licenza de primeira ocupación ampara aqueles usos que sexan acordes co planeamento urbanístico.

Expte.: 60/17 LU – CARMEN CARRACELAS ACUÑA – Licenza de obras para construción dun muro de contención de terras e tres peches de parcela sita no núcleo rural de Bagüin, Mogor, Marín.

Visto o expediente de referencia, constando nel a autorización outorgada o 28/09/2017 polo Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, así como prórroga concedida en data 30/04/2018, e de conformidade cos informes, técnico e xurídico, do servizo municipal de Urbanismo, favorables ó outorgamento de licenza, a Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, **ACORDA:**

CONCEDER a Dna. CARMEN CARRACELAS ACUÑA obras para a construción dun muro de contención de terras e 3 peches de parcela dunha parcela sita no núcleo rural de Bagüin, segundo o anexo modificado ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Márquez Taín visado o 28/02/2017 e anexo modificado ó proxecto básico e de execución para muro de peche de parcela visado o 06/04/2017.

Este acto administrativo suxéitase ás seguintes condicións:

1.- Condicións do art. 357.4 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo informe técnico de 22/05/18:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: Solo de expansión núcleo rural de Bagüin, Solo rústico de protección de infraestruturas.
- b) Finalidade da actuación e uso o que se destinará: Muro de contención e peches de parcela.
- c) Contía na que se orzan as obras: 21.475,60 €
- d) Situación e emprazamento das obras: Bagüin-Mogor, Marín
- e) Nome ou razón social do promotor: Carmen Carracelas Acuña
- f) Técnico autor do proxecto e director das obras: Francisco Márquez Taín (arquitecto).

2.- Condicións especiais: As establecidas nas resolucións do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivendas, de 28/09/2017 e de 30/04/2018, das cales se anexa copia.

3.- Condicións xerais:

- **Prazo** para o inicio e finalización das obras: De acordo co artigo 64 das NNUU do PXOM, dado que se trata dunha obra maior e que non se fixan prazos no proxecto técnico presentado, adóptanse por defecto os seguintes prazos: Para o inicio das obras, dentro dos doce meses seguinte á notificación do acto de outorgamento. Tres anos para o remate das mesmas dende a notificación do acto de outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- Os prazos para inicio e remate das obras computaranse dende o día seguinte ó da notificación do outorgamento da licenza.
- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
- A licenza entenderase caducada, previa audiencia ó interesado, por transcurso dos prazos fixados sen que se iniciaran as obras, e deberá obterse nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.
- Será requisito indispensable dispoñer, xunto á obra, de **copia autorizada da licenza municipal e a colocación do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- O promotor e o construtor deberán cumprir as **normas sobre seguridade e hixiene** no traballo na execución das mesmas, e será á súa conta a seguridade das obras que se



autorizan e a súa conservación, estando na obriga de cumprir as ordes de execución e reparacións que dispoña o Concello para manter as condicións de seguridade, salubridade e ornato. Faise constar expresamente que son de íntegra aplicación ó proceso de edificación en todas as súas fases as disposicións da **Lei 38/99 de Ordenación da Edificación**.

- A presente licenza outórgase **a salvo do dereito de propiedade**, en estrita suxeición ós termos expostos e sen prexuízo do dereito de terceiro nin da intervención ou atribucións que puideran corresponder a outras Administracións ou xurisdicións.
- Advírtese ó interesado que en aplicación do art. 1.8 do RD 1093/97 polo que se aproban as normas complementarias ó Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística, a presente licenza **é acto inscribible**.
- O incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da presente licenza e da normativa urbanística, poderá dar lugar á adopción de medidas de restablecemento da legalidade urbanística e á apertura de expediente sancionador por infracción urbanística, sen prexuízo do resarcimento de danos e prexuízos que poidan producirse.

Expte.: 44/18 LU – JUAN DEL RÍO PEDROUSO – Licenza de obras para reconstrución de elementos derribados en parcela sita en Cruceiro do Vento nº 5, Marín.

Visto o expediente de referencia, e de conformidade cos informes, técnico e xurídico, do servizo municipal de Urbanismo, favorables ó outorgamento de licenza, a Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, **ACORDA:**

CONCEDER a D. JUAN DEL RÍO PEDROUSO licenza de obras para a reconstrución de elementos derribados no linde norte debido a obras na parcela lindante, consistentes na reconstrución do muro de contención, restitución do muro de bloque de peche (recebado e pintado) do galpón e reconstrución da cuberta do galpón destinado a aparcamento, coa restitución ao seu estado orixinal, na parcela sita en Cruceiro do Vento nº 5, segundo o proxecto redactado polos arquitectos Antonio José Espinosa Murias e Antonio Rodríguez Martín.

Este acto administrativo suxéitase ás seguintes condicións:

1.- Condicións do art. 357.4 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo informe técnico de 03/05/2018:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: Solo urbano de uso residencial unifamiliar. Ordenanza 2.
- b) Finalidade da actuación e uso o que se destinará: Reconstrución elementos derribados
- c) Contía na que se orzan as obras: 5.166,22 €
- d) Situación e emprazamento das obras: Cruceiro do Vento, nº 5, Marín
- e) Nome ou razón social do promotor: Juan del Río Pedrouso
- f) Técnico autor do proxecto e director das obras: Antonio José Espinosa Murias e Antonio Rodríguez Martín (arquitectos).

2.- Condicións xerais:

- **Prazo** para o inicio e finalización das obras: De acordo co artigo 64 das NNUU do PXOM, dado que se trata dunha obra maior e que non se fixan prazos no proxecto técnico presentado, adóptanse por defecto os seguintes prazos: Para o inicio das obras, dentro do ano seguinte á notificación do acto de outorgamento. Tres anos para o remate das mesmas dende a notificación do acto de outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- Os prazos para inicio e remate das obras computaranse dende o día seguinte ó da notificación do outorgamento da licenza.
- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión



dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

- A licenza entenderase caducada, previa audiencia ó interesado, por transcurso dos prazos establecidos, e deberá obterse nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.
- Será requisito indispensable dispoñer, xunto á obra, de **copia autorizada da licenza municipal e a colocación do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- O promotor e o construtor deberán cumprir as **normas sobre seguridade e hixiene** no traballo na execución das mesmas, e será á súa conta a seguridade das obras que se autorizan e a súa conservación, estando na obriga de cumprir as ordes de execución e reparacións que dispoña o Concello para manter as condicións de seguridade, salubridade e ornato. Faise constar expresamente que son de íntegra aplicación ó proceso de edificación en todas as súas fases as disposicións da **Lei 38/99 de Ordenación da Edificación**.
- A presente licenza outórgase **a salvo do dereito de propiedade**, en estrita suxeición ós termos expostos e sen prexuízo do dereito de terceiro nin da intervención ou atribucións que puideran corresponder a outras Administracións ou xurisdicións.
- Advírtese ó interesado que en aplicación do art. 1.8 do RD 1093/97 polo que se aproban as normas complementarias ó Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística, a presente licenza **é acto inscritable**.
- O incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da presente licenza e da normativa urbanística, poderá dar lugar á adopción de **medidas de restablecemento da legalidade urbanística e á apertura de expediente sancionador** por infracción urbanística, sen prexuízo do resarcimento de danos e prexuízos que poidan producirse.

Expte.: 76/18 LU – COM. PROP. EZEQUIEL MASSONI, 30, repres. por ADELA MARTÍNEZ PEREIRA – Licenza para obras de instalación de ascensor eléctrico en edificio sito na rúa Ezequiel Massoni, nº 30, Marín.

Visto o expediente de referencia, e de conformidade cos informes, técnico e xurídico, do servizo municipal de Urbanismo, favorables ó outorgamento de licenza, a Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade,
ACORDA:

CONCEDER á CC.PP. EZEQUIEL MASSONI 30, representada por Dna. Adela Martínez Pereira, licenza de obra maior de instalación dun ascensor eléctrico (sen cuarto de máquinas) no edificio sito na rúa Ezequiel Massoni, 30, Marín; segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto J. Pascual Rivero Veiga visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 16/04/2018 e documentación complementaria visada en data 07/05/2018.

Este acto administrativo suxéitase ás seguintes condicións:

1.- Condicións do art. 357.4 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo informe técnico de 14/05/2018:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: Solo urbano de uso residencial xenérico.
- b) Finalidade da actuación e uso o que se destinará: Instalación de ascensor.
- c) Contía na que se orzan as obras: 42.112,01 €
- d) Situación e emprazamento das obras: Ezequiel Massoni, nº 30, Marín.
- e) Nome ou razón social do promotor: CCPP Ezequiel Massoni, nº 30
- f) Técnico autor do proxecto e director das obras: J. Pascual Rivero Veiga (arquitecto).

2.- Condicións xerais:



- **Prazo** para o inicio e finalización das obras: De acordo co artigo 64 das NNUU do PXOM, dado que se trata dunha obra maior e que non se fixan prazos no proxecto técnico presentado, adóptanse por defecto os seguintes prazos: Para o inicio das obras, dentro do ano seguinte á notificación do acto de outorgamento. Tres anos para o remate das mesmas dende a notificación do acto de outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- Os prazos para inicio e remate das obras computaranse dende o día seguinte ó da notificación do outorgamento da licenza.
- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
- A licenza entenderase caducada, previa audiencia ó interesado, por transcurso dos prazos establecidos, e deberá obterse nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.
- Será requisito indispensable dispoñer, xunto á obra, de **copia autorizada da licenza municipal e a colocación do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- O promotor e o construtor deberán cumprir as **normas sobre seguridade e hixiene** no traballo na execución das mesmas, e será á súa conta a seguridade das obras que se autorizan e a súa conservación, estando na obriga de cumprir as ordes de execución e reparacións que dispoña o Concello para manter as condicións de seguridade, salubridade e ornato. Faise constar expresamente que son de íntegra aplicación ó proceso de edificación en todas as súas fases as disposicións da **Lei 38/99 de Ordenación da Edificación**.
- A presente licenza outórgase **a salvo do dereito de propiedade**, en estrita suxeición ós termos expostos e sen prexuízo do dereito de terceiro nin da intervención ou atribucións que puideran corresponder a outras Administracións ou xurisdicións.
- Advírtese ó interesado que en aplicación do art. 1.8 do RD 1093/97 polo que se aproban as normas complementarias ó Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística, a presente licenza **é acto inscribible**.
- O incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da presente licenza e da normativa urbanística, poderá dar lugar á adopción de medidas de restablecemento da legalidade urbanística e á apertura de expediente sancionador por infracción urbanística, sen prexuízo do resarcimento de danos e prexuízos que poidan producirse.

3.- Contratación:

Expte.: 114/18 – Clasificación de ofertas e requirimento de documentación ó licitador proposto como adxudicatario, en relación ó expediente de contratación do servizo consistente na “ASISTENCIA TÉCNICA Á OFICINA DE REHABILITACIÓN DA VIVENDA (ARI) DO CONCELLO DE MARÍN PARA INFORMACIÓN AO PÚBLICO, TRAMITACIÓN, XESTIÓN E DIVULGACIÓN DE AXUDAS PÚBLICAS EN MATERIA DE VIVENDA”.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 7 de marzo de 2018, aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, do servizo consistente na *“asistencia técnica á Oficina de Rehabilitación da Vivenda (ARI) do Concello de Marín para información ao público, tramitación, xestión e divulgación de axudas públicas en materia de vivenda”*, así como o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o referido contrato, autorizándose o gasto correspondente, por importe máximo de 36.300 euros, IVE incluído.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas polos empresarios invitados a participar no procedemento, recibíronse as seguintes:



1. Rex. Entrada nº: 3682, de data 28 de marzo de 2018, proposición presentada por D^a. Ibaña Conte García, no Rexistro Xeral do Concello de Marín.
2. Rex. Entrada nº: 3844, proposición presentada por D^a. Sabela Núñez Acevedo, recibida no Rexistro Xeral do Concello de Marín en data 3 de abril de 2018 e anunciada por fax en data 2 de abril de 2018.
3. Rex. Entrada nº: 3946, proposición presentada por D. Jorge Vázquez Couto, recibida no Rexistro Xeral do Concello de Marín en data 5 de abril de 2018 e anunciada por fax en data 4 de abril de 2018.

En data 19 de abril de 2018, constituíuse a Mesa de contratación e procedeu á apertura e cualificación da documentación administrativa dos Sobres “A” das ofertas, admitindo o procedemento a todos os licitadores, ao comprobar que todos eles presentaran correctamente a documentación e declaración responsable, conforme ao esixido na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares.

En data 26 de abril de 2018, celebrouse o acto público de apertura dos Sobres “B”, (“Oferta económica e demais criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes”) das empresas concorrentes neste procedemento, co resultado seguinte:

NOME DO LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA	AMPLIACIÓN HORARIO PREVISTO
Ibaña Conte García	Prezo sen IVE: 24.600 €/ano IVE: 5.166 €/ano Total: 29.766 €/ano	32h/semana, ampliando así o horario previsto no prego de prescricións técnicas en 20h/semanais.
Sabela Núñez Acevedo	Prezo sen IVE: 26.500 €/ano IVE: 5.565 €/ano Total: 32.065 €/ano	32h/semana, ampliando así o horario previsto no prego de prescricións técnicas en 20h/semanais.
Jorge Vázquez Couto	Prezo sen IVE: 27.800 €/ano IVE: 5.838 €/ano Total: 33.638 €/ano	32h/semana, ampliando así o horario previsto no prego de prescricións técnicas en 20h/semanais.

Abertos os sobres “B”, a Mesa acordou remitir a documentación contida nos mesmos ó servizo de Intervención, para a valoración das ofertas conforme ós criterios de adxudicación establecidos no PCAP.

Con data 24 de maio de 2018, reúnese a Mesa de contratación para tomar coñecemento do referido informe, emitido en data 2 de maio de 2018, polo Interventor municipal, que literalmente di:

“(…) Logo de considerar as ofertas presentadas se examina a concorrencia de baixas desproporcionadas ou temerarias, a partir dos termos indicados no artigo 85 do RD. 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que detalla:

Artículo 85. Criterios para apreciar las ofertas desproporcionadas o temerarias en las subastas.

Se considerarán, en principio, desproporcionadas o temerarias las ofertas que se encuentren en los siguientes supuestos:

1. *Cuando, concurriendo un solo licitador; sea inferior al presupuesto base de licitación en más de 25 unidades porcentuales.*
2. *Cuando concurren dos licitadores, la que sea inferior en más de 20 unidades porcentuales a la otra oferta.*
3. *Cuando concurren tres licitadores, las que sean inferiores en más de 10 unidades porcentuales a la media aritmética de las ofertas presentadas. No obstante, se excluirá para el cómputo de dicha media la oferta de cuantía más elevada cuando sea superior en más de 10 unidades porcentuales a dicha media. En cualquier caso, se considerará desproporcionada la baja superior a 25 unidades porcentuales.*
4. *Cuando concurren cuatro o más licitadores, las que sean inferiores en más de 10 unidades porcentuales a la media aritmética de las ofertas presentadas. No obstante, si entre ellas existen ofertas que sean superiores a dicha media en más de 10 unidades porcentuales, se procederá al cálculo de una nueva media sólo con las ofertas que no se encuentren en el supuesto indicado. En todo caso, si el número de las restantes ofertas es inferior a tres, la nueva media se calculará sobre las tres ofertas de menor cuantía.*
5. *Excepcionalmente, y atendiendo al objeto del contrato y circunstancias del mercado, el órgano de contratación podrá*



motivadamente reducir en un tercio en el correspondiente pliego de cláusulas administrativas particulares los porcentajes establecidos en los apartados anteriores.

6. Para la valoración de las ofertas como desproporcionadas, la mesa de contratación podrá considerar la relación entre la solvencia de la empresa y la oferta presentada.

Tendo en consideración o detallado neste artigo as ofertas son clasificadas de acordo co seguinte recadro:

Ofertas presentadas	Importe Oferta	Importe de la baja	Porcentaje de la baja sobre precio base licitación	Valoración (superiores al 10 %, 28.930,00 €)	Nueva media	Oferta anormal o desproporcionada
IBANA CONTE	24.600,00	5.400,00	18,00 %	Se incluye	24.600,00	No es Baja Temeraria
SABELA NÚÑEZ	26.500,00	3.500,00	11,67%	Se incluye	26.500,00	No es Baja Temeraria
JORGE VÁZQUEZ	27.800,00	2.200,00	7,33 %	Se incluye	27.800,00	No es Baja Temeraria
Medias calculadas	26.300,00	3.700,00			26.300,00 €	Media Ofertas incluidas
BAJA TEMERARIA: Importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)						23.670,00 €

Terceiro.- Vista a análise realizada, logo de establecer as medias, efectuar os cálculos sobre a nova media, fixéndose como tipo de referencia para a apreciación de oferta anormal ou desproporcionada NON existe oferta que supere este importe, en consecuencia non existen ofertas anormais ou desproporcionadas.

(...)

3.- Aplicarase a seguinte fórmula por tramos:

A propósito do cálculo estímase que o termo “Baixa” debe entenderse en termos absolutos e non porcentuais para chegar a resultados lóxicos, considerando a existencia dun erro na presentación da fórmula computada en termos relacionais co valor atribuído de 80 puntos.

Baixa (%) < 10%, Puntos=3,1 x Baixa

Existe unha oferta nesta condición. A representada polo licitador Jorge Vázquez, que alcanza o 7,33%. En consecuencia se lle atribuirán 22,72 puntos.

Baixa (%) > 10%, Puntos= 31+(10 x ((Baixa-10)/Baixa))

Deste xeito a valoración resultaría a seguinte:

-Ibana Conte= 35,44 puntos

-Sabela Núñez= 32,43 puntos”

Á vista das puntuacións obtidas e de acordo coa proposta formulada pola Mesa de contratación en data 24 de maio de 2018, a Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- CLASIFICAR, por orden decrecente de puntuación, as tres proposicións admitidas e que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais no procedemento de contratación do servizo de “ASISTENCIA TÉCNICA Á OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN DA VIVENDA (ARI) DO CONCELLO DE MARÍN, PARA INFORMACIÓN AO PÚBLICO, TRAMITACIÓN, XESTIÓN E DIVULGACIÓN DE AXUDAS PÚBLICAS EN MATERIA DE VIVENDA”, atendendo ós criterios de adjudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, sendo a oferta máis vantaxosa a presentada pola licitadora que ocupa o primeiro posto da clasificación, de acordo co seguinte resultado:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	AMPLIACIÓN HORARIO	TOTAL
Ibana Conte García	35,44 pts.	20 pts.	55,44 pts.
Sabela Núñez Acevedo	32,43 pts.	20 pts.	52,43 pts.
Jorge Vázquez Couto	22,72 pts.	20 pts.	42,72 pts



Segundo: Identificar como oferta máis vantaxosa para a Corporación e formular proposta de adxudicación do contrato administrativo do servizo de “**Asistencia Técnica á Oficina Municipal de Rehabilitación da Vivenda (ARI) do Concello de Marín, para información ao público, tramitación, xestión e divulgación de axudas públicas en materia de vivenda**”, a favor de dona Ibaña Conte García, con DNI nº 46.914.659-H, polo seguinte prezo e condicións, xunto co resto das previstas no prego e na oferta da adxudicataria:

- Duración: Un ano, prorrogable por outro ano máis.
- Importe de adxudicación: **29.766,00 € anuais, IVE incluído** (24.600,00 €/ano de base imponible, máis 5.166,00 €/ano en concepto de IVE).
- Dedicación mínima de: 32 horas semanais.

Terceiro.- Formular requirimento a dona Ibaña Conte García, con DNI nº 46.914.659-H, como licitadora que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que, no prazo máximo de DEZ (10) DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte a aquel en que reciba este requirimento, presente a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DO ARTIGO 146 DO TRLCSP, Á DATA DE FINALIZACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSIÇÕES:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica e capacidade de obrar do licitador:

- Copia auténtica do DNI, NIF ou documento que o substitúa.

B) Documentación acreditativa da SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA (cláusula 8.1): A sSOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA poderase acreditar, segundo o disposto no art. 11.4.a) do RXLCSP, mediante:

a) Volume anual de negocios, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser polo menos de **90.000,00 €**, equivalente a unha vez e media o valor estimado do contrato.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Mediante a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe non inferior ao valor estimado do contrato (60.000 €), así como achegar o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscrición, en caso de resultar adxudicatario, do seguro esixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles ao que se refire o apartado 2 do artigo 151 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencimento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

C) Documentación acreditativa da SOLVENCIA TÉCNICA E/OU PROFESIONAL (Cláusula 8.2): A sSOLVENCIA TÉCNICA E/OU PROFESIONAL acreditarase mediante:

Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados no últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un suxeito privado mediante un certificado expedido por este ou, falta deste último certificado, mediante unha declaración do empresario.



Requisitos mínimos de solvencia técnica /profesional: Experiencia na realización de traballos do mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto do contrato e que o importe anual acumulado no ano de maior execución do últimos cinco anos sexa igual ou superior a **25.410 euros**, equivalente ao 70% do presuposto anual do contrato.

D) DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO (art. 151.2 TRLCSP). O licitador coa oferta economicamente máis vantaxosa, deberá presentar a seguinte documentación:

Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (co Estado e coa Xunta de Galicia) e coa Seguridade Social.

No mesmo prazo concedido e en relación as obrigas co Concello de Marín, infórmase que se solicitarán de oficio e que no caso de non estar ao corrente terá as mesmas consecuencias que o incumprimento das condicións recollidas nesta cláusula e polo tanto se procederá, nese caso, a recadar a mesma documentación ó licitador seguinte.

Imposto sobre actividades económicas (IAE):

-Suxeitos obrigados ó aboamento do imposto: deberán presentar orixinal ou copia compulsada do último xustificante de aboamento do imposto, referido ó exercicio corrente e unha declaración responsable de non darse de baixa de dito imposto.

-Suxeitos pasivos que estean exentos do aboamento do imposto: deberán presentar o orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto sobre actividades económicas (IAE) no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato e unha declaración responsable indicando non darse de baixa de dito imposto así como a causa de exención do aboamento.

Documentación acreditativa de ter depositada na Tesourería Municipal unha **garantía definitiva por importe de 1.230 €**, equivalente ao 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.

A administración poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos, o contratista, antes de constituír o aval ou o seguro de caución, deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fose rexeitado pola administración.

Dispensa da obriga de presentar determinada documentación no caso de figurar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLEC) ou das Comunidades Autónomas. Aquelas empresas que se atopen inscritas no ROLEC, que acompañen a correspondente certificación, estarán dispensadas de acreditar fronte a tódolos órganos de contratación do Sector Público, a tenor do reflectido na certificación e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario, en canto a súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, solvencia técnica e profesional e clasificación, así como a concorrencia ou non das prohibicións de contratar, que deban constar no mesmo.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas dunha Comunidade Autónoma acreditará idénticas circunstancias para os efectos da contratación con ésta, cos restantes entes, organismos ou entidades do sector público dependentes dunha e outra.

A proba do contido do ROLEC efectuarase mediante certificado do órgano encargado deste, que poderá expedirse por medios telemáticos, acompañada dunha declaración expresa responsable emitida polo licitador relativa á non alteración dos datos que constan no certificado ou que as circunstancias reflectidas neste non experimentaron variación.

No caso de que o licitador non cumprimente adecuadamente o requirido no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo nese caso a recadar a mesma



documentación do licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Igual consecuencia procederá por inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato, manifestación ou documento que acompañe, así como pola inadecuación ou insuficiencia de tales para acreditar os extremos requiridos en atención ao obxecto e características do contrato. Sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á licitadora proposta como adxudicataria, publicándose ademais no Perfil do Contratante do Concello.

Expte.: 140/18 – Aprobación do proxecto de “CANALIZACIÓN DE AUGAS E MURO DE SOSTEMENTO EN A BOUZA (SAN XIAN)”.

O Concello de Marín pretende levar a cabo a obra contemplada no proxecto técnico denominado “CANALIZACIÓN DE AUGAS E MURO DE SOSTEMENTO EN A BOUZA (SAN XIAN)”, redactado polo enxeñeiro técnico Íñigo Carrasco Gago, en febreiro de 2018.

O acceso ó lugar de A Bouza da parroquia de San Xián, que deriva da estrada provincial EP-0019, consiste nunha lousa de formigón apoiada sobre un recheo suxeito por un muro de mampostería en seco por cuxo pé discorre unha canle que recolle as augas pluviais, tanto do propio acceso como as procedentes da estrada provincial. Maniféstase o deterioro do firme por rotura a través dunha greta lonxitudinal causada pola insuficiente capacidade resistente do muro, producíndose o desprendemento dos mampostos do seu corpo e do material de recheo, o que o fai inestable, dando como resultado o seu asentamento e o movemento do terreo cara a canle.

As obras consistirán na construción dun muro de sostemento no lugar de A Bouza (San Xian), para conseguir a ampliación no espazo que ocupa a canle no límite da propiedade colindante; en consecuencia, dita canle será substituído, en todo o tramo afectado, por un colector en lámina libre.

Con data 07/03/2018, ten entrada no Rexistro Xeral do Concello de Marín o proxecto de execución da citada obra, cuxo orzamento total, incluído o IVE, ascende a 50.847,13 euros (42.022,42 euros de base imponible e 8.824,71 euros en concepto de IVE).

Con data 16/04/2018, emítase informe urbanístico sobre a viabilidade da obra, pola arquitecta municipal, no cal fai constar: “[...] *As actuacións proxectadas son compatibles co planeamento urbanístico vixente [...] estaríamos ante un proxecto de obras municipais e non ante un proxecto de urbanización, polo que non é necesario expoñer o proxecto ao público [...]. Segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP/2017), o proxecto comprende os apartados mencionados no artigo 223. A actuación que se pretende levar a cabo ten a consideración de obra completa, susceptible de ser entregada ao uso público [...] Dado o tipo de proxecto que afecta ás redes e servizos municipais deberá someterse á supervisión do técnico municipal competente [...].* No mesmo informe técnico sinalase que dado que as obras están na liña de afección da estrada da Deputación EP-0019, deberase obter a autorización da Deputación de Pontevedra, que foi obtida en data 15/05/2018.

O proxecto foi sometido a supervisión do enxeñeiro técnico municipal que, con data 16/04/2018, informa favorablemente o documento, sinalando: “... o Proxecto titulado “CANALIZACIÓN DE AGUAS Y MURO DE SOSTENIMIENTO EN A BOUZA (SAN XIÁN)” [...] resulta suficiente para a definición, valoración e execución das obras nel proxectadas, polo que se informa favorablemente o dito proxecto en relación coa súa viabilidade como obra completa.[...] o Proxecto contempla axeitadamente a reposición dos servizos ou instalacións afectados no ámbito da execución [...] A actuación proxéctase nun camiño rural municipal identificado no Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Marín, polo código 1C.1.0531 [...] non resulta necesaria, para a execución da obra, a dispoñibilidade dos terreos privados lindeiros coas actuacións propostas [...] os traballos previstos no Proxecto constitúen unha obra completa, susceptible de entrar en servizo á súa finalización.”

Con data 28/05/2018 (R.E.nº 6623), recibíuse a autorización outorgada o 15/05/2018, polo Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, necesaria para levar a cabo a canalización na zona de afección e entroncamento coa estrada provincial EP-0019.



Tratándose, como se indica no informe técnico, dun proxecto de obras municipais ordinarias e non dun proxecto de urbanización, en relación coa súa aprobación, seguiranse as regras xerais que se deducen das normas de contratación administrativa, correspondendo a súa aprobación ao órgano competente para aprobar o gasto, sen que sexa precisa unha especial publicación do acordo.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto nos artigos 21.1 letra o) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, art. 231 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local, en uso da delegación conferida por resolución de Alcaldía do 15/06/2015 (BOP nº 142 de 26/07/2015), por unanimidade **ACORDA:**

Primeiro. Aprobar o proxecto técnico para a execución das obras de “**CANALIZACIÓN DE AUGA E MURO DE SOSTEMENTO EN A BOUZA (SAN XIAN)**”, redactado en febreiro de 2018 polo enxeñeiro técnico Íñigo Carrasco Gago, cun orzamento base de licitación, sen IVE, de 42.022,42 euros.

Segundo. Que o referido documento técnico se incorpore ao expediente de contratación das obras de referencia.

Terceiro. Declarar que, de conformidade coa documentación e informes obrantes no expediente, quedou acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable, nos termos esixidos no 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Cuarto. Esta entidade local posúe plena dispoñibilidade sobre os terreos onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto.

Quinto. Que por parte do autor do proxecto e dos servizos técnicos municipais se proceda ó levantamento da preceptiva acta de replanteo do proxecto, aos efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

FÓRA DA ORDE DO DÍA:

Previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade dos presentes, adoptáronse os seguintes acordos:

Expte.: 230/18 – Establecemento dos PREZOS PÚBLICOS para os “CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN 2018”.

Vista a proposta –memoria económico-financeira presentada pola concellería de Benestar Social para o establecemento do prezo público polos “Campamentos de Conciliación 2018” do Concello de Marín.

Visto o proxecto “Campamentos de Conciliación 2018” coa descrición do conxunto das actividades a realizar.

Visto o informe de Intervención de data 30/05/2018.

A Xunta de Goberno Local, en exercicio das competencias delegadas polo Pleno mediante acordo de data 23/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, **ACORDA:**

Aprobar o establecemento do prezo público correspondente á actividade “Campamentos de Conciliación 2018”, remitíndose para a súa regulación á Ordenanza xeral municipal reguladora dos prezos públicos, coa seguinte precisión en relación á contía:

1.- Cota a abonar por participante:

Campamentos de conciliación urbanos:	30 € por praza
Campamentos de conciliación rurais:	30 € por praza

A actividade encádrase no fomento da conciliación e o tempo de lecer dos rapaces e rapazas do Concello de Marín, de acordo co artigo 25.2.1) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local:

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas y de ocupación de tempo de lecer.



Cando existan razóns sociais, benéficas, culturistas ou de interese público que así o aconsellen, a Entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do custo da actividade realizada.

Considerando as razóns que concorren na actividade promovida, o especial interese público da actividade promovida, integrada no conxunto de actividades “conciliación e o tempo de lecer dos rapaces e rapazas do Concello de Marín”, aconséllase fixar un prezo público por debaixo do límite previsto, participando o Concello na achega da diferenza, de acordo cos termos da documentación e a memoria anexos.

Expte.: 226/18 – Solicitud de Axuda Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para a execución do proxecto “WEB&APP TURISMO DE MARÍN”.

Vista a resolución do 29 de decembro de 2016, pola que se publicou o acordo do Consello de Dirección de Agader polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramitan ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), a Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, **ACORDA:**

Solicitar unha axuda por importe de **30.000 euros** á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a execución do proxecto “WEB&APP TURISMO DE MARÍN”, ao abeiro da resolución do 29 de decembro de 2016, pola que se publicou o acordo do Consello de Dirección de Agader polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramitan a través da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR).

4.- Rogos e preguntas.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

Sendo as 14:40 horas, e sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta procedeu a levantar a sesión, do que como secretaria dou fe.

Vº Bº,

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

A SECRETARIA XERAL,

María Ramallo Vázquez.

Paula Costas Romero